



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Galicia Como Destino Turístico	Código	662G01040	
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Humanidades Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Lezcano González, Mª Elvira	Correo electrónico	m.lezcano@udc.es	
Profesorado	Caamaño Franco, Iria	Correo electrónico	iria.caamano@udc.es	
	Lezcano González, Mª Elvira		m.lezcano@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia pretende profundizar no coñecemento dos principais bens turísticos galegos en todos os ámbitos: natural, cultural e de servizos. A súa correcta clasificación, descrición, análise e estudo serán obxectivos fundamentais a alcanzar polo alumnado.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A8	Avaliar os potenciais turísticos e a análise prospectivo da súa explotación.
A13	Manexar técnicas de comunicación.
A18	Identificar e xestionar espazos e destinos turísticos.
A23	Analizar os impactos xerados polo turismo.
A25	Comprender un plan público e as oportunidades que se derivan para o sector privado.
A27	Comprender o funcionamento dos destinos, estruturas turísticas e os seus sectores empresariais no ámbito mundial.
A28	Coñecer os obxectivos, a estratexia e os instrumentos públicos da planificación.
A33	Creatividade.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Comunicación oral e escrita en lingua nativa.
B3	Resolución de problemas.
B4	Razoamento crítico.
B5	Compromiso ético.
B6	Aprendizaxe autónoma.
B7	Adaptación a novas situacións.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecer os principais bens turísticos da comunidade galega	A8 A18 A27	B1 B6	C1 C6 C7
Recoñecer os principais estilos e tipoloxías artísticas e os exemplos máis singulares presentes no territorio de estudo	A8 A18 A23 A33	B1 B4	C1 C2 C3 C6 C7 C8
Analizar as debilidades e potencialidades de Galicia como destino turístico	A8 A18 A23 A25 A27 A28 A33	B1 B2 B3 B4 B6 B7	C1 C4 C7 C8
Estudar, a través dun contacto directo, a historia, xeografía e os principais xeodestinos turísticos da comunidade Galega	A8 A13 A18 A23 A25 A27	B1 B4 B6 B7	C1 C2 C6 C7 C8
Ser quen de explicar a unha audiencia os principais recursos turísticos de Galicia	A8 A13 A18	B1 B2 B3 B5 B6 B7	C1 C2 C3 C4 C5
Saber deseñar un itinerario por Galicia que comprenda un número importante dos recursos estudados	A8 A18 A23 A27 A33	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C2 C3 C4 C5 C6

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción á materia.	1.1 Características xerais e breve historia de Galicia. 1.2 Características xeográficas de Galicia: situación, principais trazos físicos. Galicia na Península Ibérica.
2. Historia de Galicia	2.1. Principais feitos históricos
3. Principais recursos do patrimonio histórico-artístico galego.	3.1. Percorrido polos diferentes estilos artísticos. 3.2. Principais tipoloxías: Mosteiros, catedrais, igrexas, castelos, pazos e outros edificios civís relevantes. 3.2. Exemplos máis relevantes da escultura e pintura en Galicia



4. A gastronomía.	4.1 Os viños. 4.2 Principais aspectos da cociña e da viticultura de Galicia. 4.3 Festas gastronómicas.
5. Principais recursos do patrimonio inmaterial galego.	5.1 A lingua. 5.2. O Folclore. 5.3. Festas, lendas, crenzas. 5.4. Outro patrimonio etnográfico. Artesanía e oficios populares
6. O Camiño de Santiago.	6.1 Repaso á historia e tradicións xacobeas 6.2 O Camiño francés. 6.3 Outros tramos galegos dos Camiños de Santiago.
7. Elementos principais dos Museos e Centros de Interpretación de Galicia.	7.1. Principais museos e tipoloxías. 7.2. Centros de IP. 7.3. Outros equipamentos
8.a Paisaxe e áreas naturais no litoral. 8.b Paisaxe e áreas naturais de interior.	8.a.1 Rías, illas e praias, zonas húmidas e areais, acantilados. 8 b.1. As montañas, os vales fluviais, os bosques e as lagoas (Serras setentrionais, Dorsal galega, Penechaira galega, Depresión de Ourense, A Limia. Val de Monterrei. Val de Arnoia. Terras do Carballiño. Val do Ribeiro. Valdeorras. O chanzo de Santiago. Fosa Padrón-Tui. As bacías do Tambre e o Ulla. Serras meridionais).
9. As cidades galegas como focos de atención turística.	9.1. A Coruña 9.2. Lugo. 9.3. Ourense. 9.4. Pontevedra. 9.5. Vigo. 9.6. Santiago. 9.8. Ferrol. 9.9. Outras localidades: Muros, Noia, Monforte, Ribadavia, Sanxenxo, Allariz, Viveiro, Carballo, ...
10.O "Top Ten" galego. Produtos. Xeodestinos.	10.1. Descrición e análise.
11. Rutas senlleiras.	11.1. Ruta da camelia. 11.2. Outros camiños. 11.3. Rede de rutas.
12. Espazos naturais.	12.1. Os espazos protexidos de Galicia. 12.2. A Rede Natura.
13. A Administración turística.	13.1. Competencias da administración do Estado e da Xunta en materia turística. 13.2. A Administración turística en Galicia. Órganos e funcións
14. Estratexias de promoción e comercialización de Galicia como destino turístico.	14.1. Principais canais de promoción. 14.2. Principais canais de comercialización.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Saídas de campo	A8 A18 A23 A25 A27 A28 B5 B7	24	24	48
Traballos tutelados	A13 A18 A23 A25 A27 B1 B4 B6 C1 C3	8	24	32
Presentación oral	A13 A18 A33 B1 B2 B4 B6 B7 C1 C2 C7 C8	2	2	4



Proba mixta	A18 A23 B1 B2 B3 B4 C1 C2 C4	1	0	1
Sesión maxistral	A18 A23 A25 A27 A28 C4 C5 C6	21	42	63
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Saídas de campo	Actividades desenvolvidas nun contexto externo ao contorno académico universitario (empresas, institucións, organismos, monumentos, etc.) relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información, o desenvolvemento de produtos (bosquexos, deseños, etc.), etc.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do "cómo facer as cousas?". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como "conferencia", "método expositivo" ou "lección maxistral?". Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	O alumnado poderá precisar atención personalizada na preparación das súas presentacións orais e traballos tutelados.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Saídas de campo	A8 A18 A23 A25 A27 A28 B5 B7	As saídas de campo son de carácter obrigatorio e, en ocasións, requirirán preparación por parte do alumnado, segundo as indicacións das profesoras	10
Traballos tutelados	A13 A18 A23 A25 A27 B1 B4 B6 C1 C3	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do "cómo facer as cousas?". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor. Elexirase entre esta metodoloxía e a de aprendizaxe-servizo, como se explica no apartado referido a ela. (abaixo)	15



Presentación oral	A13 A18 A33 B1 B2 B4 B6 B7 C1 C2 C7 C8	As presentacións centraranse en temas propostos polos profesores a partir dos contidos da materia. Poden facerse no aula ou in situ, durante as saídas de campo	15
Proba mixta	A18 A23 B1 B2 B3 B4 C1 C2 C4	Trátase dunha proba que pode combinar as preguntas discriminatorias, coas de desenvolvemento de temas.	60

Observacións avaliación

A asistencia a clase é obrigatoria. De xeito esporádico pódense facer cuestionarios ou exercicios que servirán como forma de control da asistencia. Ás persoas que, por unha causa xustificada, non podan asistir o día indicado para a súa presentación oral terán que acordar coa profesora outra data. As saídas de campo, conferencias ou outras actividades son unha obriga e poderán requirir a presentación dunha reseña, que servirá como demostración da asistencia. -Todas as partes teñen que ser superadas a lo menos nun 50% para poder facer o cómputo final. O alumnado que suspenda calquera das partes figurará en actas coa calificación obtida na parte suspensa, ata que se poda facer o cómputo final na seguinte oportunidade unha vez superadas todas as partes.

As instrucións detalladas sobre os traballos serán explicadas pola profesora na clase e expostas na plataforma Moodle para a súa consulta. Os anteriores criterios de avaliación aplicaranse tanto na primeira como na segunda oportunidade.

O alumnado que libere unha parte da materia mediante unha proba parcial, só terá validez para o curso actual. Se unha persoa que ten liberada unha parte non consegue aprobar a materia no seu conxunto, nin en primeira nin en segunda oportunidade, a súa calificación final será suspenso, e terá que repetir toda a materia nos seguintes cursos académicos.

Está prohibido acceder ó aula na que se desenvolven as distintas probas de avaliación con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/u almacenamento de información.

Estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia :

- Seguirán o mesmo sistema que o alumnado presencial, pero deberán realizar dous traballos propostos pola profesora (en lugar de un). Ademais, deberá porse en contacto con ela para realizar alomenos dos titorías on line ao longo do cuadrimestre.

En todas as modalidades, a detección de plaxio ou calquera evidencia de falsidade serán penalizadas co suspenso na materia ata a seguinte oportunidade ou convocatoria. O alumnado que non se presente a ningunha das partes propostas na avaliación aparecerá como NP na acta. De presentarse a calquera delas, aparecerá como suspenso ata que na seguinte convocatoria presente ou aprobe a parte que falte para poder facer o cómputo final. Pódese dar o caso de que unha persoa suspenda algunha das partes, pero que a suma co resto dea aprobado. Nese caso a nota será un suspenso (o suspenso máis alto das que aparezan suspensas), pois para facer o cómputo é preciso, como se sinalou anteriormente, que todas as probas sexan superadas nun 50%. **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:** A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise a adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuadrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa tutora ADI da Facultade de Turismo.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- BAS, B. (1983). As construcións populares: Un tema de etnografía en Galicia. Cadernos do Seminario de Sargadelos. Edicións do Castro, Sada (A Coruña)- CEGARRA, B. (1992). Guía da arte de Galicia. Ed. Galaxia, Vigo (agora publicado por provincias)- CEGARRA, B. (1992). Guía e rutas da arte. Épocas e estilos. Ed. Galaxia, Vigo- CALO LOURIDO et al (2005). Historia Xeral de Galicia. A Nosa Terra, Vigo,- CRIADO BOADO, F. (ed.) (2016). Atlas de Arqueología de Galicia. Eds. Xerais, Vigo- GIL, F.J. (2002). 50 rutas para conocer Galicia. Nigra Trea, Vigo- HERNÁNDEZ BORGE, J., DÍAZ FERNÁNDEZ, J.A (2000). O turismo en Galicia Potencialidades endóxenas e desenvolvemento urbano e económico. Servicio de publicacións Dip. de Ponteved- LOIS GONZÁLEZ, R e FORMIGO COUCEIRO, J. (2003). Galicia. Ed Everest, León- LOIS, R.C. e PINO, D. (Coords.) (2015). A Galicia urbana. Eds. Xerais, Vigo- LÓPEZ BERNÁNDEZ, C (2005). Breve historia da arte galega. Ed. Nigratrea, Vigo- LÓPEZ CARREIRA, A. (2013). Historia de Galicia. Eds. Xerais, Vigo- MARIÑO FERRO, X.R. (2000). Antropoloxía de Galicia. Edicións Xerais, Vigo- OTERO PEDRAYO, R. (1980). Guía de Galicia. Ed. Galaxia- PEMÓN, B. e DORNELO, X. (2000). Mitos, ritos y leyendas de Galicia. Martínez Roca, Barcelona- PRECEDO LEDO et al. (2002). Atlas de Galicia. Hércules de Ediciones, A Coruña- PRECEDO LEDO et al. (2001). Atlas de Galicia. Xunta de Galicia. Sociedade para o desenvolvemento Comarcal de Galicia, Santiago- SORALUCE BLOND, J.R. (1999). Guía da arquitectura galega. Ed. Galaxia, Vigo- VILLARES, R. (2004). Historia de Galicia. Ed Galaxia, Vigo- VV. AA. (2002). Guía de espacios naturales. Galicia.. Ed El País-Aguilar, Madrid <p>Intranse engandido referencias bibliográficas máis concretas ao longo da materia</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

A asistencia a clase é imprescindible.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías